



Ourense, a 7 de novembro de 2015

Estimadas familias

Escribímosvos para informaros de que **o vindeiro sábado, 14 de novembro, imos celebrar o magosto** que temos pensando facer na zona de Seixalbo.

Todas e todos as participantes **deben de estar ás 10:30 horas na porta da Casa da Xuventude**, sendo tamén este é o punto de **recollida ás 18:30 horas**.

Creemos que pode ser unha actividade moi enriquecedora para as rapazas e os rapaces. Faremos actividades ao aire libre (unha dinámica en gran grupo e, despois de comer, xogos tradicionais galegos). E, por suposto, asaremos castañas.

Os rapaces/as **deberían vir con** roupa cómoda, de abrigo e calzado pechado, así como impermeable. Na mochila, teñen que traer unha cantimplora con auga e o seu xantar para ese día, no que si é do seu gusto poden incluír algún chouriciño para facer á brasa. Nós xa nos ocupámonos de levar as castañas.

Se queren **poden convidar a algúns amigos e amigas**, sempre e cando nos avisedes con polo menos con 24 h. de antelación e, a efectos legais e de cobertura de seguro, necesitamos que traian cubertos e asinados polo seu pai/nai os 4 documentos de alta na asociación. Se logo non quedan no grupo non pasa nada, destrúense e xa está pero loxicamente temos que contar sempre coa cobertura do seguro. Ao estar en proba eses convidados non teñen que pagar nada.

Esperámosvos a todas e todos o sábado que vén!

Unha aperta,

O Kraal de scouters